

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CMINA03	Elaboración de produtos alimentarios	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0147	Formación e orientación laboral	2023/2024	5	107	107
MP0147_12	Prevención de riscos laborais	2023/2024	5	45	45
MP0147_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	5	62	62

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	BEGOÑA LAGE FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas Mascato Salvaterra S.L. e Takopesca S.A. , no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.  
O módulo de Formación e orientación laboral (FOL) impártese na súa totalidade no centro Manuel Antonio.

Este módulo forma parte do currículo de todos os ciclos formativos medios e superiores da FP. Isto implica que todo o seu alumnado debe coñecer os seus dereitos e deberes como traballadores por conta allea, recibir formación básica en prevención de riscos laborais e adestrarse nas técnicas de busca de emprego que posibiliten a súa inserción laboral.

No contexto galego, o módulo de FOL impártese no primeiro curso no réxime ordinario, ten unha duración de 107 horas anuais, neste caso distribuídas en catro sesións de cincuenta minutos semanais, e está dividido en dúas unidades formativas (UF), cada unha coa súa atribución horaria correspondente. A UF1, titulada ¿Prevención de riscos laborais¿ ten unha duración de 45 horas e a UF2 de ¿Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego¿ ten unha duración de 62 horas. Ter cursado e superado módulo completo de FOL é un dos requisitos que permite ao alumnado matriculado nun ciclo formativo de grao superior obter unha certificación de formación de nivel básico en Prevención de Riscos Laborais (de 45 ou 60 horas), segundo o establecido na Orde do 15 de xaneiro de 2020.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumno ou a alumna se poidan inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector da confección.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais l), m), n), p) e q) do ciclo formativo, e as competencias i), j), k), l) e m).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información para a elaboración de itinerarios formativo-profesionalizadores, en especial no referente ao sector da confección.
- Posta en práctica de técnicas activas de procura de emprego:
- Realización de probas de orientación e dinámicas sobre as propias aspiracións, competencias e capacidades.
- Manexo de fontes de información, incluídos os recursos da internet para a procura de emprego.
- Preparación e realización de cartas de presentación e currículos (potenciarase o emprego doutros idiomas oficiais na Unión Europea no manexo de información e elaboración do currículo Europass).
- Familiarización coas probas de selección de persoal, en particular a entrevista de traballo.
- Identificación de ofertas de emprego público ás que se pode acceder en función da titulación, e resposta á súa convocatoria.
- Formación de equipos na aula para a realización de actividades mediante o emprego de técnicas de traballo en equipo.
- Estudo das condicións de traballo do sector a través do manexo da normativa laboral, dos contratos máis comunmente utilizados e do convenio colectivo de aplicación no sector da confección.
- Superación de calquera forma de discriminación no acceso ao emprego e no desenvolvemento profesional.
- Análise da normativa de prevención de riscos laborais que lle permita a avaliación dos riscos derivados das actividades desenvolvidas no sector produtivo, así como a colaboración na definición dun plan de prevención para a empresa e das medidas necesarias para a súa posta en práctica.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet e que polo menos dúas sesións de traballo semanais sexan consecutivas.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa		0	0
2	Introdución legal á Prevención de Riscos Laborais	Establece a vinculación entre a profesión e a saúde e define os conceptos básicos en materia de prevención de riscos laborais.	9	10
3	Avaliación de riscos e planificación de medidas	Avaliación de riscos e medidas de prevención e protección no sector	13	10
4	A Prevención de Riscos Laborais na empresa. Organización e Plan de Prevención	Organización da prevención na empresa, participación das persoas traballadoras e elaboración do Plan de Prevención	11	10
5	Emerxencias e primeiros auxilios	Plan de emerxencias e técnicas de primeiros auxilios.	12	10
6	Formación en empresa		0	0
7	A relación laboral e o contrato de traballo	Identificación das fontes de dereito laboral e dos organismos públicos que poden intervir nunha relación laboral. Dereitos e deberes derivados da relación laboral. Análise das condicións de traballo (xorna	19	14
8	Representación e situacións de crise das relacións laborais.	Modificación, suspensión e extinción de contrato e representación das persoas traballadoras	15	14
9	Seguridade Social e desemprego	Coñecemento do estrutura e réximes da Seguridade Social, identificando as obrigas do empresario e traballador coa SS. Realización de cálculos básicos das prestacións contributivas máis comúns coma incapacidade tempora	13	14
10	O mercado de traballo e a procura de emprego	Análise das propias competencias persoais e profesionais. O proceso de busca de emprego	10	14
11	O traballo en equipo	Fomento da participación activa e responsable no traballo en equipo. Representación das técnicas de dinámica de grupos e dunha reunión de traballo.	5	4

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa	0

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Introdución legal á Prevención de Riscos Laborais	9

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.

**Cráterios de avaliación**

CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da industria alimentaria

CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

**4.2.e) Contidos**
**Contidos**

Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Avaliación de riscos e planificación de medidas	13

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector da industria alimentaria.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
CA2.2 Clasifícaronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.2.1 Clasifícaronse os factores de risco máis frecuentes na actividade e os danos derivados deles.
CA2.2.2 Detectáronse os factores de risco e os danos derivados deles nun posto de traballo concreto da actividade.
CA2.3 Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
CA2.4 Identifícaronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.1.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección máis frecuentes na actividade.
CA4.1.2 Seleccionáronse as medidas de prevención e protección adecuadas para os riscos atopados na avaliación de riscos.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector da industria alimentaria en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Contidos
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector das empresas e as plantas de elaboración de produtos alimentarios.  Medidas de prevención e protección individual e colectiva.  Sinalización de seguridade

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A Prevención de Riscos Laborais na empresa. Organización e Plan de Prevención	11

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícaronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.2.1 Identifícaronse as diferentes modalidades de organización da prevención en función dos criterios normativos.
CA3.2.2 Seleccionouse a modalidade preventiva adecuada ás características da empresa dentro do plan de prevención.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.3.1 Identifícaronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia preventiva.
CA3.3.2 Recoñecéronse os órganos de representación das persoas traballadoras dentro do plan de prevención.
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.

**Criterios de avaliación**

CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.

CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.

**4.4.e) Contidos**
**Contidos**

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Emerxencias e primeiros auxilios	12

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.	NO



**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.
CA4.6.1 Reproducíronse as técnicas básicas de primeiros auxilios ante danos de diversos tipos.
CA4.6.2 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa	0

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A relación laboral e o contrato de traballo	19

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.4.1 Analizáronse en detalle as principais modalidades de contratación do sector.
CA2.4.2 Identifícanse as características das principais modalidades de contratación e as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Novos contornos de organización do traballo.
O recibo de salarios
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Representación e situacións de crise das relacións laborais.	15

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e reconéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.9.1 Identifícanse as causas e os efectos da modificación e a suspensión da relación laboral
CA2.9.2 Identifícanse as causas e os efectos da extinción da relación laboral
CA2.9.3 Calculáronse os elementos dun finiquito, efecto da extinción da relación laboral
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
0Representación das persoas traballadoras na empresa. Conflitos colectivos. Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo. Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Seguridade Social e desemprego	13

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.4.1 Identificáronse as principais prestacións contributivas da seguridade social, os seus requisitos e a súa duración.
CA3.4.2 Calculouse a contía dunha prestación de incapacidade temporal.
CA3.4.3 Calculouse a contía dunha prestación por nacemento e coidado de menor.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.

Contidos
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	O mercado de traballo e a procura de emprego	10

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en elaboración de produtos alimentarios.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios

Criterios de avaliación
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.8.1 Realizouse adecuadamente o curriculum
CA4.8.2 Realizouse adecuadamente a carta de presentación
CA4.8.3 Participouse adecuadamente nun simulacro de entrevista de traballo
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

#### 4.10.e) Contidos

Contidos
<p>Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.</p> <p>Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.</p> <p>Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.</p> <p>Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en elaboración de produtos alimentarios.</p> <p>Definición e análise do sector profesional do título de técnico en elaboración de produtos alimentarios.</p> <p>Proceso de toma de decisións.</p> <p>Proceso de procura de emprego no sector de actividade.</p> <p>Técnicas e instrumentos de procura de emprego.</p>

#### 4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	O traballo en equipo	5

**4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en elaboración de produtos alimentarios e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.11.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector da industria alimentaria segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.



## Contidos

Conflicto: características, tipos, causas e etapas.

Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación****Mínimos exixibles:**

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva no módulo de FOL veñen determinados polas unidades desenvolvidas no apartado 4 e pola consecución por parte do alumnado dos resultados de aprendizaxe.

Para poder aprobar o módulo, polo tanto, o alumnado terá que acadar unha nota mínima de 5 en cada unha das unidades didácticas.

Para cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exixibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal.

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

**Criterios de cualificación:**

1. A cualificación da avaliación será un valor numérico sen decimais, redondeándose por exceso ou defecto, entre 1 e 10. Considerarase que o alumno/a superou o resultado se obtén unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos.

A cualificación final do módulo será a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais.

2. O profesor pode decidir agrupar varios resultados de aprendizaxe e unir os RA asociados a prevención de riscos laborais e os RA asociados a dereito do traballo e da seguridade social para avalialos.

A estes efectos considerarase que os catro resultados de aprendizaxe da unidade formativa de prevención de riscos laborais, constitúen un único resultado e os restantes resultados de aprendizaxe da unidade formativa de equipos, dereito e seguridade social e procura de emprego, outro.

3. O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exixible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe, polo que o alumno/a que non realice positivamente algunha proba/actividade/traballo proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

4. Para acadar a avaliación positiva será preciso acadar unha puntuación mínima de 5 puntos en tódalas unidades didácticas.

En cada avaliación , a cualificación total máxima será de 10 puntos, que se ponderarán nos seguintes apartados a avaliar:

- **PROBAS:** (tipo test, V ou F, pregunta corta, resolución de supostos prácticos). Suporán un 70% da nota. As probas escritas que conteñan preguntas tipo test ou V/F, e que sexan contestadas de forma incorrecta, restarán segundo o especificado no enunciado da pregunta.

Para poder ser avaliado como positivo neste apartado será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 puntos sobre 10 nos referidos exames antes de aplicar a ponderación. No caso de facer varias probas na mesma avaliación trimestral será preciso obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 para facer media entre os exames. De non ser así o alumno terá que acudir ao sistema de recuperación.

Estas probas escritas serán realizadas dunha soa unidade didáctica ou varias conxuntamente, e o número de, preguntas poderá variar dunha proba a outra. O alumno terá que ter superadas todas as unidades didácticas para poder ter un aprobado no módulo.

- **TAREFAS:** (resolución de exercicios, traballos, procedementos indicados polo profesor en cada UD). Suporán un 30% da nota. Na realización de traballos ou exercicios obrigatorios deben de ser entregados en tempo e forma, senon a súa cualificación será minorada segundo o establecido no enunciado do correspondente traballo.

A CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO, conformarase como a media das avaliacións parciais sempre que en todas elas o alumno conte cunha nota igual ou superior a 5 puntos.

Na primeira avaliación parcial, a cualificación será a media do resultado obtido nas primeiras unidades didácticas. No caso de que o alumnado teña unha media superior ao 5 pero no teña aprobada algunha das unidades, a nota final desta primeira avaliación parcial será de 4.

Na segunda avaliación, a cualificación corresponderá coa media ponderada, segundo o seu valor, de todas as unidades do módulo. O alumno que non teña aprobada algunha das unidades ou dos resultados de aprendizaxe, obterá unha cualificación máxima de 4 puntos.

Salientar que esta nota final coincidirá coa nota do último trimestre sempre que esta última sexa igual ou superior a cinco.

Tanto as cualificacións trimestrais como a final serán numéricas ( entre 1 e 10), sen decimais. Se o 1º decimal é inferior a 5, a nota redondearase á baixa. Se pola contra o primeiro decimal é 5 ou superior a 5, a nota redondearase á alta.

Criterios de cualificación:

- Exame: 70%

- Actividades: 30%

- En ningún caso o feito de aprobar calquera das avaliacións parciais suporá o aprobado das demais.

Na realización das probas obxectivas poderá usarse calculadora, quedando prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquera dispositivo de comunicación co exterior.

**AVALIACIÓN FINAL:** No suposto que todas elas estean aprobadas (nota de cada avaliación igual ou superior a 5 sobre 10) a nota final do módulo será a media ponderada das notas correspondentes ás 2 avaliacións, en función do peso das unidades didácticas que formaron parte de cada avaliación. Dito peso será o seguinte:

A prevención de riscos laborais: 10%

Avaliación de riscos e planificación de medidas: 10%

A organización e plan de prevención: 10%

Emerxencias e primeiros auxilios: 10%

Relación laboral e o contrato de traballo : 14%

Representación e situación de crise das relacións laborais: 14%

O sistema da Seguridade Social: 15%

O mercado laboral e a procura de emprego: 14%

Equipos de traballo e resolución de conflitos: 4%

Motivos para repetir un exame:

-Hospitalización do interesado.

-Falecemento ou hospitalización dalgún familiar de 1º ou 2º grao.

-Asistencia a consulta de médico especialista que non poida ser cambiada.

-Outras causas de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas pola profesora: enfermidade, accidente, baixa laboral....

Todos estos motivos deberán estar documentalmente xustificados e o exame repetirase sempre que o alumnado se reincorpore dunha data previa á celebración da avaliación correspondente. Con independencia do dito, o alumnado poderase presentar á recuperación da avaliación trimestral.

As persoas que durante a celebración dun exame sexan sorprendidas utilizando calquera medio fraudulento para copiar serán cualificadas na avaliación correspondente como suspensas, e deberán examinarse desasí parte no exame final de xuño.

Aquelas persoas que cheguen tarde á realización dunha proba sen motivo xustifico non terán dereito a facela, tendo a posibilidade de presentarse á recuperación trimestral correspondente.

. En caso de ter un motivo xustifico poderase presentar sempre e cando, non tivese abandonado a aula ningún dos estudantes presentados á proba.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para establecer os procedementos das actividades de recuperación baséome na Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

O alumnado que teña unha nota media inferior a 5 nun trimestre, terá dereito a realizar unha recuperación durante as tres primeiras semanas do trimestre posterior.

Para a obtención dunha avaliación positiva, aplicaranse os criterios de cualificación expostos no apartado 5.

O profesor indicará as tarefas de repaso e aprendizaxe, similares ás realizadas durante a avaliación, para preparar esta proba. Estará dispoñible durante este tempo para repasos, resolución de dúbidas, realización de simulacros ou corrección de actividades parciais. No caso de non superar esta proba, optará a unha recuperación final no mes de setembro das unidades pendentes.

Chegada a fin do último trimestre, e antes da avaliación final, a xefatura de estudos marcará unhas datas para a realización de actividades de recuperación. O alumnado que non superara un ou varios dos trimestres poderá asistir a clase nos horarios marcados e o profesorado tentará resolver as súas dúbidas, realizará explicacións complementarias e dará exercicios de adestramento para axudar ao alumnado a superar o módulo. Todo isto cumprimentarase no informe individualizado de avaliación, no seu caso.

A xefatura de estudos fixará a data da avaliación final durante o mes de setembro. Esta avaliación realizarase mediante unha proba escrita que incluírá preguntas teóricas e exercicios de tipo práctico e estará dividida por unidades. O alumnado presentarase unicamente á recuperación das unidades que non superase.

Para poder superar o módulo, o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 5 en cada unha das unidades que teña pendentes.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O artigo 25.3 do capítulo VIII da Orde do 12 de xullo anteriormente citada establece que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. É o profesorado o encargado de valorar a xustificación -ou non- desas faltas atendendo ás circunstancias persoais e laborais da alumna ou alumno concreto.

Cando aconteza esta situación de perda de avaliación continua, que na materia de Formación e Orientación Laboral corresponde á falta de asistencia a 11 sesións ou máis, o alumnado terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente (artigo 25.5 da Orde antes citada).

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua tamén ten dereito a asistir á actividades de recuperación citadas no apartado anterior. A avaliación coincidirá na data coa avaliación final de recuperación nunha

data fixada pola xefatura de estudos do centro e realizarase mediante unha proba escrita que incluírá preguntas teóricas e exercicios de tipo práctico. A proba estará dividida por resultados de aprendizaxe e o 40% da nota corresponderá coa UF1 (Prevención de Riscos Laborais) e o 60% coa UF2 (Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego). Para poder superar o módulo, o alumnado deberá acadar unha nota mínima de 5 nesta proba de avaliación e obter polo menos a metade da puntuación máxima de cada un dos resultados de aprendizaxe.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para realizar o seguimento da programación, o profesorado empregará a ferramenta que ofrece a propia aplicación web para a elaboración da programación. Este seguimento ten como obxectivo comprobar se se vai cumprindo o programado, xustificar as posibles modificacións que tiveran que realizarse. O seguimento farase de xeito sistemático mensualmente, aínda que poderá realizarse tamén noutros momentos en caso de considerarse necesario (dificultades particulares por parte do alumnado, perda de horas lectivas debido a unha circunstancia extraordinaria, ...)

Coa intención de mellorar a calidade da propia práctica docente e de proporcionar unha atención individualizada ao alumnado, realizarase unha avaliación trimestral de dita práctica. Estas avaliacións faranse principalmente de xeito escrito e garantindo o anonimato do alumnado, coa intención de favorecer a sinceridade das súas respostas. Excepcionalmente, ante dificultades ou eventuais conflitos que poidan darse na aula, poderán realizarse pequenas charlas ou debates orais para escoitar a opinión do alumnado sobre o desenvolvemento da programación.

Nas enquisas trimestrais que se lle pasarán ao alumnado realizaranse preguntas sobre a metodoloxía empregada na aula, a atención prestada polo profesorado, a súa motivación cara o módulo de FOL ou a utilidade que lle ven ás competencias adquiridas neste módulo. O alumnado terá 5 opcións de resposta progresiva (1=completamente en desacordo, 2=en desacordo, 3=nin de acordo nin en desacordo, 4=de acordo, 5= moi de acordo ) e un espazo de resposta aberta para realizar as súas propostas de mellora, que serán tidas en conta para a realización de eventuais modificacións.

Os resultados do alumnado, especialmente os do primeiro trimestre, tamén serán tidos en conta como método de avaliación da práctica docente. En caso de atoparnos cunha porcentaxe significativa do alumnado que non acada os obxectivos no primeiro trimestre comezará un proceso de reflexión e de intervención que poderá supor eventuais modificacións na programación.

Finalizado o curso o profesor cumprimentará a Memoria Final do curso onde se reflexarán todos os aspectos anteriores, e en especial as propostas de mellora.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial é esencial para ter información sobre os coñecementos previos do alumnado e as súas situacións, características persoais ou necesidades específicas que condicionen a súa aprendizaxe. Tamén é moi relevante a coordinación docente para unha mellor análise en beneficio da aprendizaxe do alumnado. De aí que, tan pronto se faga a avaliación inicial, se celebrará unha reunión do profesorado, xunto co persoal de orientación, para compartir resultados e impresións e propoñer medidas ao respecto.

No procedemento de avaliación inicial participa todo o equipo docente e este desenvólvese durante as primeiras semanas do curso seguindo o establecido polo artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011. No que

respecta ao módulo de FOL, ao comezo da primeira sesión realízase unha dinámica de grupo que nos permite obter información sobre diferentes aspectos do alumnado: experiencia laboral, percorrido formativo, motivación ou centros de interese. A seguir, realízase un cuestionario de avaliación inicial co obxectivo de valorar os coñecementos previos e as expectativas do alumnado con respecto ao módulo. Todos estes aspectos, xunto aos procedementos de avaliación da primeira unidade didáctica e á observación na aula, serán os elementos cos que contaremos para poder adaptar a práctica docente e a metodoloxía ás características do grupo.

Así, na primeira quincena teremos unha avaliación inicial bastante completa que nos permita obter esa información valiosísima e detectar posibles casos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) co obxectivo de adoptar as medidas máis axeitadas para cada caso.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado é un dos principios da educación recollidos pola LOE. Este recoñecemento da diversidade, que poderá presentarse desde múltiples formas: ritmos e estilos de aprendizaxe, xénero, idade, capacidades, intereses e motivacións, orixe cultural,... será o noso punto de partida, e teremos como obxectivo facer disto unha fonte de riqueza, así como evitar que estas diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes para o alumnado.

Esta programación parte do principio de deseño para todos e ten por obxectivo que todo o alumnado poida obter os resultados de aprendizaxe deste módulo.

### **9. Aspectos transversais**

#### **9.a) Programación da educación en valores**

A finalidade da educación non é unicamente a transmisión de saberes científicos senón que, tal e como recolle a LOE no seu artigo primeiro, inclúe tamén a transmisión e posta en práctica de valores que ¿favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación¿.

O módulo de FOL inclúe explicitamente no seu currículo a educación en valores como a non discriminación e a igualdade de oportunidades no acceso ao emprego. Este e outros valores serán transmitidos de forma transversal durante todo o módulo:

¿ Tolerancia e rexeitamento a todo tipo de discriminación por cuestións de raza, xénero, relixión, orientación sexual,...: Débese fomentar o respecto mutuo entre todos os membros da comunidade educativa e evitar todo tipo de discriminación. Como docentes temos que ter unha actitude exemplar neste sentido e programar actividades que favorezan a cooperación, o traballo en equipo e o respecto aos demais (actividades cooperativas, traballos en grupo, debates,...). A análise de casos reais de situacións de discriminación en diferentes momentos do curso (despedimentos, entrevistas de traballo e currículums vitae, roles nos equipos de traballo,...), o emprego dunha linguaxe inclusiva ou a utilización de exemplos e casos prácticos que non sigan estereotipos (profesións relacionadas cun xénero, novos modelos de familias, mulleres en postos de poder) son algunhas formas que teremos para traballar a igualdade na aula.

- ¿ Participación: Fomentarase a participación do alumnado na aula, sempre desde o respecto mutuo, co obxectivo de que se involucren, como persoas adultas e responsables, na toma de decisións sobre cuestións que poidan ser relevantes no día a día e para solucionar as posibles dificultades que puidesen xurdir ao longo do curso.
- ¿ Educación para a saúde: Durante toda a unidade formativa 1, relacionada coa prevención de riscos, abordáranse cuestións relacionadas coa saúde e será un bo momento para fomentar hábitos saudables no alumnado (importancia do descanso, alimentación equilibrada, prevención das condutas de tipo aditivo,...).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades complementarias e extraescolares se proporán:

- Charlas de profesionais do sector.
- Visitas a organismos públicos ou privados e a empresas relacionadas co sector.
- Visita a feiras, congresos de calquera ámbito relacionadas co sector.
- Servizo e colaboración con outras actividades que se organicen conxuntamente con outros módulos.
- Visita ao Xulgado Social de Vigo.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Explicación do módulo

Ao longo da primeira semana de clases a profesora explicará a programación do módulo, que estará disposición do alumnado na aula virtual.

Unha vez explicada a programación tamén se informará ó alumnado das seguintes cuestións:

- Cómo se vai desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe.
- As normas no módulo.
- Asistencia e puntualidade.

Explicaráselle como se procederá no caso de que algún alumno/alumna perda o dereito de avaliación continua no módulo de FOL.

- Uso do material.
- Material que cada alumno/a debe levar obrigatoriamente ás distintas actividades de aula previstas.
- Material didáctico. Proponse o uso de apuntamentos á disposición dos alumnos na aula virtual.



## 10.2) Libro de texto

Acórdase utilizar para este curso como libro de texto o da editorial TuLibrodefp.